

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 29 DE XUÑO DE 2018,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de carácter plurianual e a concesión de anticipos do 80 %, na Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2018 e 2019.

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para establecer que o importe dos pagamentos anticipados alcance o 80 % da porcentaxe subvencionada, en relación coa Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, e se procede á súa primeira convocatoria para os anos 2018-2019, por un importe de oitocentos mil euros (800.000 €).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de decreto polo que se crea e regula o Comité de Coordinación da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.

---

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 3 de agosto de 2016, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación A Esperanza do Val Miñor, para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de catorce mil novecentos cincuenta e dos euros (14.952 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA) para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado discapacitado nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de catorce mil novecentos cincuenta e dos euros (14.952 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados en dous centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de vinte e un mil trescentos sesenta euros (21.360 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia AMICOS para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de doce mil oitocentos dezaseis euros (12.816 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (ASPACE) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de once mil cento sete euros con vinte céntimos (11.107,20 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña ASPANAES, para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados en catro centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de cincuenta e dous mil setecentos trinta e dous euros con cincuenta céntimos (52.732,50 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 1 de decembro de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad intelectual de la Provincia de Pontevedra (ASPANAEX) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dez mil douscentos cincuenta e dous euros con oitenta céntimos (10.252,80 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de vinte e tres mil novecentos vinte e tres euros con vinte céntimos (23.923,20€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Ourense, polo importe máximo de catro mil douscentos setenta e dous euros (4.272 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha Addenda ao convenio de colaboración asinado o 1 de outubro de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial de Pontevedra en relación coa prestación do servizo de comedor escolar ao centro de educación especial Príncipe Felipe de Pontevedra, polo importe máximo de dezasete mil oitenta e oito euros (17.088 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Cultura,

Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Menela para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezaseis mil douscentos trinta e tres euros con sesenta céntimos (16.233,60 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de xullo de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de dous mil cento trinta e seis euros (2.136 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 28 de novembro de 2016 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación San Xerome Emiliani para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de oito mil cincocentos corenta e catro euros (8.544 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia AMICOS, para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial AMICOS, polo importe máximo de oitenta e oito mil trescentos corenta e seis euros con vinte e catro céntimos (88.346,24 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento das axudas Juan de la Cierva (convocatoria MINECO 2016), por importe de cento trinta e cinco mil euros (135.000 €).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Paderne, feita a título gratuíto polo Concello de Paderne (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde.

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Vimianzo, feita a título gratuito polo Concello de Vimianzo (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde.

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da Memoria Anual do ano 2017 do Consello Consultivo de Galicia, de acordo co establecido polo artigo 15 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Informe sobre a situación actual e previsións para o remate das obras da LAV Galicia- Madrid no ano 2019

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a Estratexia para a formación na industria forestal.
- Informe sobre o proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas urxentes de tipo social (AUXS) para evitar cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social, en réxime de concorrencia non competitiva, e se procede a súa convocatoria para o ano 2018.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL**

- Informe sobre a orde pola que se establecen novas bases reguladoras das subvencións destinadas a constituír sociedades de fomento forestal (Sofor) y se convocan para o ano 2018.

## **O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO BO AO ACORDO DAS AXUDAS PARA OS PROGRAMAS DE INSERCIÓN LABORAL DAS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

- *As axudas teñen como finalidade apoialas na súa integración ou reintegración no mercado laboral, como elemento clave para unha recuperación integral*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo ao proxecto de acordo da axudas a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na nosa comunidade por un importe de 660.000 euros para os anos 2018 e 2019.

Estas axudas teñen como finalidade apoialas na súa integración ou reintegración no mercado laboral, como elemento clave para unha recuperación integral, tendo en conta que a falta de recursos propios, fundamentalmente dun posto de traballo, dificulta, en moitas ocasións, a ruptura da situación de violencia.

O importe máximo de cada axuda será de 95.000 euros e as accións que poden ser obxecto de axudas engloban dende os itinerarios de inserción, que recollen plans de accións personalizados para a busca de emprego, orientación profesional e asesoramento laboral para o emprego, intermediación laboral e contacto con empresas, asesoresamento/apoio na empresa e seguimento da inserción nas empresas.

Outra das accións que poden recibir axudas é a formación para o emprego, que ten como finalidade formar e capacitar as participantes para o seu acceso ao emprego, proporcionándolles unha actualización e mellora das súas competencias profesionais, coñecementos e prácticas, incluídas as accións formativas que teñan como finalidade adquirir as competencias clave, formación lingüística, formación en *coaching* e/ou intelixencia emocional, así como a formación dirixida ao autoemprego e á constitución de cooperativas.

A terceira das accións son as actuacións de apoio á conciliación, que poñen a disposición servizos de atención persoal e/ou familiar, ben no fogar ou ben nun recurso comunitario, dirixidos a facilitar a participación das mulleres en situación de violencia de xénero nas accións comprendidas no seu itinerario de inserción socio-laboral ou na formación para o emprego.

### **Entidades beneficiarias**

Poden ser destinatarias das subvencións as entidades de iniciativa social que que cumpran as obrigas que carezan de ánimo de lucro, teñan o seu domicilio social en Galicia ou delegación na Comunidade Autónoma non se atopen en ningunha das

situacións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e cumpran as condicións establecidas na normativa xeral de subvencións.

---

## **A XUNTA LANZA UNHA LIÑA DE AXUDAS PARA FACILITAR A DIXITALIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL A ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS SEN FINS DE LUCRO**

- *É unha das medidas da Memoria Dixital de Galicia para promover a conservación do fondo patrimonial galego e o seu acceso universal a través do portal Galiciana*
- *A Administración autonómica destinará 800.000 euros a subvencionar a dixitalización de fondos documentais en soporte papel*
- *O obxectivo é consolidar un fondo documental dixitalizado accesible desde o portal Galiciana.gal*

A Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), abre unha convocatoria de axudas para facilitar a dixitalización dos fondos patrimoniais a entidades públicas e organizacións privadas sen fins de lucro. O Consello do Goberno galego aprobou hoxe esta medida enmarcada na iniciativa da Memoria Dixital de Galicia, a iniciativa para crear un novo modelo de xestión e conservación do patrimonio cultural galego baseado nas TIC, que garanta a súa preservación, difusión e a accesibilidade desde calquera lugar do mundo.

As axudas, que contan cun importe total de 800.000 euros, están destinadas á dixitalización de fondos documentais en soporte papel (publicacións seriadas, manuscritos, mapas, material gráfico como fotografías, gravados, carteis, debuxos, monografías e folletos, e partituras, partituras anotadas ou manuscritos de música).

### **Subvencións de ata 90.000 euros**

A convocatoria, que sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* nos vindeiros días, subvencionará proxectos cun importe mínimo de 10.000 euros e máximo de 90.000 euros. As entidades beneficiarias recibirán un anticipo do 80% da subvención concedida este ano e o 20% restante en 2019, unha vez acreditado o remate dos traballos de dixitalización. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

As axudas están dirixidas aos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma, entidades locais, e entidades delas dependentes, universidades públicas e o Consello Galego de Universidades, entidades privadas sen fins de lucro que dispoñan de activos do patrimonio cultural de Galicia, reais academias e as academias de Galicia, oficialmente establecidas e recoñecidas.

### **Iniciativas en marcha**

Xunto con esta liña de axudas, a Memoria Dixital de Galicia aséntase noutras iniciativas, xa en marcha, vinculadas á dixitalización e difusión do patrimonio cultural galego.



Unha delas é o novo portal Galiciana.gal, posto en marcha o pasado mes de decembro co obxectivo de consolidarse como a porta de acceso a todos os fondos dixitais das bibliotecas, arquivos e museos de Galicia. Neste momento facilita a consulta de máis de 310.000 obxectos dixitalizados de 10 coleccións procedentes de fondos xestionados pola Xunta - como os da Biblioteca Dixital de Galicia e os do Arquivo Patrimonial de Galicia- e doutras entidades como as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, da Real Academia Galega e do Instituto de Estudos Padre Sarmiento.

Outra das iniciativas que se vén de completar no marco da Memoria Dixital de Galicia é a dixitalización de preto de 370.000 imaxes e documentos imaxes e documentos procedentes do Catastro do Marqués de Ensenada, do Arquivo da Casa de Comercio e Banca Bengoechea e do xornal *El Pueblo Gallego*. Estes fondos estarán dispoñibles para a súa consulta a través do portal Galiciana.

Está en marcha o proxecto transfronteirizo "Geoarpad", liderado pola Xunta, en colaboración con outros 12 socios de ambos lados da fronteira ten como obxectivo dixitalizar e xeolocalizar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e o norte de Portugal para contribuír á súa posta en valor e difusión así como ao seu aproveitamento en sectores como o turismo, a investigación ou a educación.

Ademais, está a traballarse na renovación do portal de toponimia de Galicia. Actualmente, o Nomenclátor de Galicia conta con 41.409 topónimos e, nos últimos dez anos, recolléronse preto de medio millón de microtopónimos na terceira parte do territorio galego. Prevese a creación dunha aplicación para que os cidadáns poidan colaborar na recolección destes topónimos.

### **Memoria Dixital de Galicia**

A Memoria Dixital de Galicia é unha estratexia impulsada desde o ámbito público, a través da Consellería de Cultura, Educación Ordenación Universitaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), en colaboración coa sociedade galega e con todos os axentes implicados na xestión do patrimonio cultural galego, baixo a denominación das institucións da memoria, entre os que están o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento ou as universidades públicas galegas.

Con esta iniciativa Galicia aposta polo establecemento de sinerxías e modelos colaborativos entre as entidades públicas, privadas e calquera axente con responsabilidade no patrimonio cultural para acadar o maior nivel de catalogación, preservación e difusión, independentemente da súa localización ou propiedade.

## **A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN FACILITARÁ O SERVIZO DE COMEDOR A 494 ALUMNOS CON DISCAPACIDADES NO SEU CENTRO ESCOLAR**

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura de addendas aos convenios de colaboración con 13 entidades especializadas na atención a estas persoas*
- *Ademais súmase un novo acordo para facilitar o servizo de transporte*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará os convenios de colaboración que mantén con 13 asociacións e entidades especializadas na atención a persoas con discapacidades, co obxectivo de facilitar o servizo de comedor escolar no curso 2018/19 a 494 alumnos. O obxectivo é garantir unha atención individualizada, así como dar unha resposta adecuada ás necesidades e particularidades de cada usuario.

Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura das correspondentes addendas coa Asociación A esperanza do Val Miñor, coa Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA), coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (AMENCER-ASPACE), coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia AMICOS, coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral-A Coruña (ASPACE), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña ASPANAES, coa Asociación a favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (ASPANAEX), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA), coa Asociación Autismo Ourense, coa Fundación Menela, coa Asociación Nuestra Señora de Chamorro, coa Asociación San Xerome Emiliani e coa Deputación Provincial de Pontevedra; para o que se destinará un orzamento total de 210.369,3 euros.

Ao abeiro desta colaboración, as diferentes asociacións e entidades comprométense a facilitar ao alumnado discapacitado a utilización do comedor escolar, asumindo a súa atención e coidado durante o período comprendido entre a fin das clases e o remate do servizo de comedor. Cómpre salientar o carácter didáctico que, para estas persoas supón un comedor escolar, no referido á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

O Consello da Xunta deu, así mesmo, luz verde á sinatura doutra addenda ao convenio de colaboración asinado coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia AMICOS, neste caso para facilitar o uso do servizo de transporte escolar a 21 alumnos. Este acordo, unido aos aprobados en reunións previas do Goberno galego, supón que un total de 297 alumnos con

discapacidade terá un acceso adaptado ao seu transporte escolar, para o que a consellería investirá 926.801,26 euros.

Estes acordos enmárcanse no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente.

## O CONSELLO AUTORIZA A TRAMITACIÓN DO DECRETO QUE CREA E REGULA O ÓRGANO DE COORDINACIÓN DA REDE DE RESERVAS DA BIOSFERA DE GALICIA-COSTA

- *Trátase dun órgano colexiado de xestión para a coordinación e seguimento das acción nas seis reservas da Biosfera presentes na Comunidade galega e estará integrado na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio*
- *Tamén servirá para crear novos vínculos entre as Reservas da Biosfera declaradas en Galicia e o reforzamento dos xa existentes, propiciando a colaboración entre elas*
- *Actualmente en Galicia existen seis reservas da Biosfera declaradas pola Unesco e está en tramitación a proposta para a creación dunha sétima reserva na Ribeira Sacra*

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar autorización do inicio da tramitación do proxecto de decreto para a creación do órgano de coordinación da Rede Galega de Reservas da Biosfera.

Tras a aprobación do Decreto 95/2017, do 21 de setembro, polo que se crea a Rede de reservas da biosfera de Galicia, procede agora a tramitación e aprobación dunha nova disposición para a creación e regulación do órgano de xestión desta Rede, cuxa presidencia desempeñará a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Na Rede de Reservas da Biosfera de Galicia inclúense todos os espazos declarados Reserva da Biosfera pola UNESCO e cuxo territorio se atope, en todo ou en parte, na Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade existen en Galicia 6 reservas da Biosfera declarada pola Unesco: Terras do Miño, Área de Allariz, Os Ancares Lucenses en Montes de Navia, Cervantes e Becerreá, Río Eo, Oscos e Terras de Burón, Transfronteiriza Gêres-Xurés, Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Cómpre lembrar que tamén se está a tramitar a creación da sétima reserva da biosfera, a da Ribeira Sacra.

Por tal motivo, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio convocou os xestores da Rede co obxecto de se formularen as súas achegas no tocante á regulación deste órgano de xestión, presentado ao respecto unha proposta inicial que foi sometida ás observacións dos representantes e órganos xestores das ditas reservas da biosfera e que, logo da súa valoración, orixinou un texto de carácter regulamentario.

Na súa composición o órgano de coordinación dispón de 18 membros, entre os que se atopan a Presidencia (exercida pola persoa titular da Consellería), a Vicepresidencia

---

(exercida pola persoa titular da dirección xeral en materia de conservación da natureza) e 16 vogais:

- a) Dúas persoas en representación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio designadas pola dirección xeral competente en materia de conservación da natureza.
- b) Unha persoa en representación do organismo competente en materia de turismo.
- c) Unha persoa en representación de cada unha das Reservas da Biosfera de Galicia. No caso das Reservas da Biosfera de Galicia nas que esta comunidade exerza a coexistión con outra comunidade ou outro país, poderán estar presentes os dous representantes. En calquera caso, cada reserva da biosfera contará cun único voto.
- d) Unha persoa en representación do Programa Home e Biosfera (MaB) da Unesco.
- e) Unha persoa en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias.
- f) Dous expertos designados pola persoa titular da consellería competente en materia de medio ambiente, entre personalidades relevantes e de recoñecido prestixio e experiencia profesional en materia ambiental.
- g) Tres persoas representando outros departamentos de consellerías da Xunta de Galicia e de interese nas estratexias que desenvolvan as reservas de biosfera galegas en atención á súa competencia sectorial.

A través deste decreto, crearase este órgano colexiado de asesoramento e coordinación das reservas da Biosfera adscrito á consellería competente en materia de ambiente.

Este acordo marca o inicio da tramitación do proxecto de decreto que, logo de pasar polos trámites de información pública e audiencia, así como de petición dos correspondentes informes, volverá ao Consello da Xunta para ser aprobado como decreto de xeito definitivo.

## **EDUCACIÓN FINANCIADA A CAPTACIÓN DE 14 INVESTIGADORES PARA O SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO A TRAVÉS DO PROGRAMA JUAN DE LA CIERVA**

- *A Consellería destina 135.000 euros ao financiamento complementario destas axudas concedidas polo Goberno central, para que non teñan que asumilo as universidades galegas*
- *Do conxunto de beneficiados, 3 pertencen á UDC, 5 á USC e 6 a UVigo*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará 135.000 euros á captación do talento de 14 investigadores, a través do Programa Juan de la Cierva de incorporación contratados nas universidades da Coruña (1) de Santiago de Compostela (3) e de Vigo (5), e a 5 investigadores no marco do programa Juan de la Cierva de formación nas universidades da Coruña (2) de Santiago de Compostela (2) e de Vigo (1).

A través deste investimento, o departamento educativo da Xunta de Galicia financiará a parte complementaria destas axudas que correspondería ás universidades (arredor dun 20%) durante os dous anos que dura o contrato. Trátase dun montante económico de 9000 euros para cada un dos beneficiados da modalidade de formación e 10.000 euros para os da modalidade de incorporación durante os dous anos que dura o programa.

Deste xeito, o Goberno galego garante que a UDC, a USC e a UVigo poderán contar con estes valiosos recursos humanos a través destas axudas concedidas pola Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía e Competividade (MINECO), sen que para as propias universidades supoña un custo adicional.

Cómpre lembrar que esta achega se enmarca na decisión tomada polo departamento educativo da Xunta de Galicia en 2012 de, por primeira vez, asumir o cofinanciamento da contratación de investigadores ao abeiro das convocatorias de 2012 dos programas Ramón y Cajal e Juan de la Cierva. Deste xeito, incentívanse as universidades do SUG para que se presenten á convocatoria destes programas, moi competitivos, xa que, por primeira vez en España, os centros do SUG que acollen estes investigadores non teñen que aboar o financiamento complementario recollido na convocatoria realizada polo Ministerio convocante.

O obxectivo das axudas JC é fomentar a contratación laboral de xoves doutores por un período de dous anos co obxecto que estes afiancen as capacidades adquiridas nunha primeira etapa de formación posdoutoral.

---

**Aposta pola investigación universitaria**

Este cofinanciamento enmárcase no fondo de fomento da I+D+i, dentro do Plan de financiamento universitario, que está dotado con máis de 57 millóns de euros para este ano 2018. Trátase dunha acción na liña da política activa da Xunta de Galicia en prol da incorporación de persoal investigador nas universidades co fin de lograr ratios similares aos países á vangarda en investigación e promove, ademais, a captación externa de talento en marcos abertos e competitivos. Desta forma, continúaase co esforzo para incrementar o número de persoal investigador de excelencia con éxito neste tipo de convocatorias e establécense, ademais, sistemas efectivos de mobilidade no sistema de I+D+i que garantan a oferta de oportunidades a aquelas traxectorias máis sólidas e permitan procesos de desenvolvemento profesional a escala internacional.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE DE PADERNE E DE VIMIANZO**

O Consello da Xunta vén de autorizar a aceptación da cesión dos inmobles dos centros de saúde de Paderne e de Vimianzo, ambos os dous na provincia da Coruña, feita a título gratuíto polos respectivos concellos a favor do Servizo Galego de Saúde.

O centro de saúde de Paderne ten unha superficie construída de 1.150,11 m<sup>2</sup> e os custos de mantemento para sete meses do presente ano 2018 foron estimados pola Xerencia de Xestión Integrada da Coruña en 32.614,96 euros. Pola súa banda, o centro de saúde de Vimianzo conta cunha superficie construída de 645 m<sup>2</sup> e a estimación dos custos de mantemento para o mesmo periodo é de 53.327,61 euros.

Estas dúas cesións forman parte dun grupo de centros de saúde dos cales o Sergas asumirá ao longo do presente ano os seus custos de mantemento. Ademais dos inmobles sanitarios de Paderne e Vimianzo, o Servizo Galego prevé asumir a cesión, ao longo dos vindeiros meses, dos centros de saúde de Lestrobe (Drodro), Tordoia, A Pastoriza, Baralla, Barreiros, Sober, Cualedro, Porqueira, Catoira, Mosteiro, Mos e O Rosal. A transferencia destes centros ten un custo anual estimado para a Xunta de Galicia de 701.769 euros.

Estes dous centros de saúde, de Paderne e de Vimianzo, engádense aos 72 centros xa cedidos á Comunidade Autónoma no eido do Pacto Local.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros á Administración sanitaria autonómica.

O proceso de asunción é, en todo caso, voluntario para os concellos, que previamente asinan uns convenios nos que se establecen as bases da cooperación co Sergas para "a cesión da propiedade do centro de saúde do que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos de mantemento deste". O concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios co fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames, así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmovible e comprométese a asumir os gastos de mantemento.



---

## **O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA PRESENTA A SÚA MEMORIA ANUAL DO ANO 2017**

- ***Foron en total 511 expedientes: 357 da Comunidade Autónoma, 145 da Administración local, 7 da Administración universitaria e 2 de particulares***

O Consello Consultivo de Galicia presentou hoxe no Consello da Xunta a súa Memoria Anual do ano 2017, que reflicte a actividade deste órgano na súa tarefa de velar pola observancia da Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia e o resto do ordenamento xurídico.

Ademais, este documento recolle a composición e medios con que conta este organismo para desenvolver a súa actividade, así como a actividade consultiva con datos estatísticos relativos aos ditames solicitados. En 2017 foron en total 511 expedientes: 357 da Comunidade Autónoma, 145 da Administración local, 7 da Administración universitaria e 2 de particulares.

Do mesmo xeito, a dita memoria tamén fai referencia á súa actividade non consultiva. Figura nela o resumo dos datos da actividade desenvolvida durante os seus 22 anos de funcionamento (1996-2017) e unha epígrafe con observacións e suxestións, no que tamén se recollen os ditames que pola súa repercusión social ou importancia xurídica deben ser de xeral coñecemento para as administracións públicas e operadores xurídicos.

Finalmente recolle a suxestión de crear un órgano autonómico en materia de protección de datos; observacións sobre a elaboración de anteproxectos normativos; e precisións e recomendacións sobre aspectos formais e substanciais do procedemento administrativo en materias que son competencia do Consello.

**O CONSELLO DA XUNTA CONFIRMA QUE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO AVE ENTRE GALICIA E MADRID POR RIBA DO 80 % FAI VIABLE O OBXECTIVO DA CIRCULACIÓN EN PROBAS A FINAIS DE 2019**

- *O Goberno galego analizou hoxe o informe sobre a situación actual e as previsións para a finalización deste proxecto que representa un obxectivo estratéxico irrenunciable do conxunto do país*
- *Os principais contratos pendentes están en proceso de licitación ou só a falta de publicación no BOE, con prazos de remate compatibles coa data comprometida*
- *Para cumprir o obxectivo resulta imprescindible que o actual Goberno de España manteña o compromiso do anterior Executivo e respecte a folla de ruta trazada*
- *As obras que se están a executar entre Zamora e Galicia son de dobre vía e prevense optimizar prestacións do AVE cos trens Avril, compatibles cos distintos tipos de largo de vía, tamén preparados para circular de Ourense a Santiago*
- *O treito da liña de alta velocidade entre Zamora e Madrid está xa en servizo desde febreiro de 2016, o que acurtou 30 minutos o tempo de viaxe*
- *O seguinte tramo, entre Zamora e Pedralba da Pradería, está na súa recta final e a previsión é o remate das obras no último trimestre deste ano, acurtando o percorrido entre Madrid e Galicia no contorno doutra media hora*
- *A maior intensidade das actuacións pendentes concéntrase actualmente entre Pedralba da Pradería e Taboadela, coas obras de plataforma todas rematadas ou en estado avanzado de execución*
- *Na conexión entre Taboadela e a estación de Ourense, a execución da variante require duns trámites incompatibles co prazo comprometido, polo que mentres se avanza neles estase a adaptar o corredor ferroviario actual para permitir a circulación dos trens AVE*

O Consello da Xunta confirmou hoxe que a execución das obras do AVE entre Galicia e Madrid por riba do 80% fai viable o obxectivo da circulación en probas a finais de 2019. O Goberno galego analizou hoxe do Informe sobre a situación actual e as previsións para o remate das obras da liña de alta velocidade Galicia- Madrid no ano 2019.

Na actualidade, de acordo cos datos facilitados polos técnicos do Adif e contrastados pola Xunta, todos os principais contratos pendentes están ou en proceso de licitación ou pendentes de publicación no Boletín Oficial do Estado, con prazos de finalización compatibles coa data comprometida.

A finalización das obras do AVE é un obxectivo estratéxico irrenunciable do conxunto do país, co que, a pesar de tratarse dunha infraestrutura dependente da Administración

xeral do Estado, o Goberno galego vén asumindo como un deber seguir a súa evolución.

O informe hoxe presentado detalla un cronograma axustado no que cada día conta, polo que, para cumprir o obxectivo, resulta imprescindible que o actual Goberno de España manteña o compromiso do anterior Executivo e respecte a folla de ruta establecida.

Entre Galicia e Madrid estase a construír un AVE de calidade, coa previsión de optimizar as súas prestacións grazas aos trens Avril, compatibles cos distintos tipos de largo de vía, preparados tamén para circular de Ourense a Santiago.

As obras que se están a executar entre Zamora e Galicia son de dobre vía, excepto nun pequeno treito do Padornelo, onde por razóns construtivas se prevé unha posta en servizo provisional unicamente pola vía dereita, o que permitirá adaptar o túnel xa existente como segunda vía do AVE.

#### **Estado actual das obras**

O seguimento destas actuacións que vén levando a cabo a Xunta inclúe máis dun cento de contratos cuxo estado de tramitación e execución se avalía de forma puntual e exhaustiva.

O treito da liña de alta velocidade entre Zamora e Madrid está xa en servizo desde febreiro do ano 2016, o que acurtou 30 minutos o tempo de viaxe.

No que se refire ao seguinte tramo, entre Zamora e Pedralba da Pradería, as obras están actualmente na súa recta final e a previsión é que rematen no último trimestre deste ano. Cando supere o período de probas da Axencia de Seguridade Ferroviaria, a posta en servizo deste treito permitirá acurtar o tempo de viaxe entre Madrid e Galicia noutra media hora.

O cambiador de ancho de vía de Pedralba está en obras desde xuño do ano 2017 e deberá estar rematado este verán, para facilitar que os trens Alvia que parten de Ourense poidan circular por vía AVE xa desde Pedralba ata Zamora e de aí a Madrid.

No informe sublíñase que a maior intensidade das actuacións pendentes se concentra actualmente no treito entre Pedralba da Pradería e Taboadela. Neste sentido, en relación ás obras de plataforma, están todas rematadas ou en estado avanzado de execución, ao contabilizarse 5 treitos rematados e 8 que superan o 90%, polo que estarían en disposición de rematar nos vindeiros meses. As obras que rexistran menores avances teñen un prazo de finalización que se sitúa na primavera de 2019.

---

O Viaduto das Teixeira, que hai un ano era un punto crítico que podía comprometer o prazo das obras, xa se atopa en plena execución e en disposición de finalizar en prazo.

No que se refire ás obras de superestrutura e elementos complementarios, o material está xa practicamente todo adxudicado e boa parte das obras atópanse adxudicadas ou licitadas. Nos casos restantes, practicamente todas as licitacións pendentes foron autorizadas polos consellos de administración de ADIF dos meses de abril, maio e xuño deste ano, polo que só queda a súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Trátase de obras cuxa execución é compatible coa finalización dos traballos da plataforma, e, polo tanto, cos prazos comprometidos. Cómpre ter en conta que parte deses contratos teñen un prazo de execución que vai máis alá de finais de 2019 porque prevén a cobertura de calquera necesidade de axuste que poida xurdir no período de probas.

Finalmente, outro dos puntos onde se concentran traballos pendentes é na conexión entre Taboadela e a estación de Ourense. A execución da Variante de Ourense é complexa e requiría unha tramitación incompatible co prazo comprometido, polo que mentres se avanza neses trámites, o Adif decidiu adaptar o corredor ferroviario existente para permitir que circulasen por ela os trens AVE.

Esta alternativa supón a construción dun ramal de conexión entre a nova Vía de Alta Velocidade e a convencional, xa en execución; a adaptación das vías e plataformas da actual estación de Ourense para compatibilizalas coa chegada dos trens do AVE, traballos xa adxudicados e cun prazo de 12 meses; e a adaptación da vía convencional mediante a instalación do denominado terceiro fío, cuxa licitación está autorizada por Adif e só resta a publicación no BOE.

## **A NOVA ESTRATEXIA DE FORMACIÓN DA INDUSTRIA FORESTAL PERMITIRÁ IMPULSAR A ESPECIALIZACIÓN DE MÁIS DE 5000 PROFESIONAIS**

- *Con esta iniciativa, a Xunta achega unha oferta formativa á medida que busca asegurar a adaptación dos traballadores ás novas tendencias e desafíos e incrementar a competitividade das empresas a través da innovación*
- *O plan, que foi elaborado coa participación dos principais axentes deste ámbito, desenvolverase ata 2020 e contará cun orzamento de máis de 1,5 millóns de euros*
- *A Estratexia arranca cun programa de axudas co que se prevén desenvolver 14 xornadas de formación específica*

A primeira Estratexia de formación da industria forestal de Galicia, elaborada pola Xunta coa participación das principais asociacións representativas deste ámbito, permitirá impulsar a especialización de máis de 5000 profesionais cunha oferta formativa á medida.

Segundo se informou hoxe no Consello da Xunta, con esta iniciativa promovida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), búscase dar resposta ás necesidades das empresas e facilitar a adaptación dos traballadores á incorporación da última tecnoloxía.

Partindo dunha análise da situación actual da formación neste ámbito, o plan busca impulsar accións adaptadas a esta industria, a través da colaboración entre o sector público e o privado; formar profesionais cualificados, demandados polas empresas; desenvolver competencias relacionadas coas novas tecnoloxías; e promover ferramentas de colaboración e innovación, ao tempo que se impulsa a transferencia de coñecemento ao sector a través da colaboración con centros de investigación e universidades.

Para iso, a Estratexia articúlase arredor de tres eixos: a cualificación e capacitación profesional, axeitándoa ás novas tendencias e desafíos da industria forestal; os resortes de innovación, incrementando a competitividade das empresas da cadea da industria forestal galega a través da innovación; e a sensibilización e divulgación, visibilizando o valor engadido da madeira tanto no tecido empresarial como na sociedade galega.

Na Estratexia, que se desenvolverá ata 2020 cun orzamento de 1.550.000 euros, recóllense e búscase dar resposta ás principais prioridades destacadas polos axentes da industria forestal, que demandan o desenvolvemento de accións formativas específicas cun enfoque máis práctico e flexibilidade horaria, sendo accesibles tanto para empregados actuais como para futuros profesionais deste ámbito.

En cada parte da cadea monte-industria recolléronse e priorizáronse demandas formativas concretas. Así, no tocante á explotación, búscase afondar en diferentes aspectos da xestión de aproveitamentos forestais; o mantemento e uso de maquinaria pesada; as repoboacións e tratamentos silvícolas ou a obtención de certificados forestais.

No que atinxe á primeira transformación, as principais prioridades formativas céntranse no serrado e tratamento da madeira; o seu secado ou os tratamentos preventivos e curativos. Xa no que respecta á segunda transformación da madeira, dásele prioridade á formación en ámbitos como a manipulación e mantemento da maquinaria; a instalación de elementos de carpintaría; e no ámbito da ebanistaría.

Para dar resposta ás novas tendencias, tamén é preciso incrementar a formación no que respecta ás estruturas de madeira para construción de edificios; así como incorporar o deseño de produtos nos procesos desta industria, achegando os coñecementos básicos de proxectos de carpintaría e moble ás empresas.

Ademais, de xeito transversal a toda a industria, identifícase como prioritario na estratexia o fomento do deseño como ferramenta de innovación que permita producir e comerciar con produtos con maior valor engadido; a introdución da innovación en materiais e usos da madeira, incluíndo o impulso da fabricación aditiva, de biomateriais e novos procedementos para o tratado da madeira.

Tamén se potenciará a aprendizaxe de tecnoloxías e metodoloxías innovadoras como a Industria 4.0; a xestión LEAN; a análise e explotación de datos, promovendo a optimización de tempos e custos e a calidade; a utilización de drones; ou as ferramentas e aplicacións de mobilidade. Recóllese tamén a formación complementaria en ámbitos como a seguridade e saúde nos procesos do forestal; a valorización e aproveitamento da biomasa; a xestión e optimización de procesos e a súa automatización; ou a normativa sectorial, entre outros.

### **Primeira medida**

Como primeira acción desta Estratexia de formación da industria forestal de Galicia 2018-2020, nas próximas semanas poñerase en marcha unha nova convocatoria de axudas á formación e á divulgación dotada con 300.000 euros para este ano. A través desta orde prevese apoiar o desenvolvemento de 14 xornadas de formación específica para 230 alumnos e 24 actuacións de divulgación, dirixidas a máis de 400 persoas.

Destas axudas poderán beneficiarse as asociacións profesionais sen ánimo de lucro do eido forestal, as asociacións empresariais para a innovación e colexios profesionais,

que deberán presentar proxectos que poden incluír diferentes actividades de divulgación; actividades formativas específicas para cada un dos elos da cadea monte-industria; ou transversais, que impliquen a todo o sector.

Con esta iniciativa, a Xunta está a impulsar programas que supoñen a xeración de valor no eido da industria forestal, contribuíndo así á fixación de poboación no rural galego. Galicia sitúase como a novena potencia forestal a nivel europeo, e a madeira cortada nos montes da Comunidade supón o 50% do total nacional. Ademais, o forestal supón o 1,8% do PIB galego e o emprego que xera a cadea de valor supón un 12% do emprego industrial de Galicia, sendo o sector con máis peso en numerosas comarcas. O forestal galego move arredor de 2000 millóns de euros anuais e emprega a máis de 70.000 persoas nunhas 3000 empresas que abarcan toda a cadea de valor.

## **GALICIA É A PRIMEIRA COMUNIDADE EN OFRECER AXUDAS COMPLEMENTARIAS AO BONO SOCIAL DO ESTADO PARA EVITAR OS CORTES DE SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA**

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria informa ao Consello da Xunta desta nova orde de apoios dirixida aos consumidores con máis dificultades para pagar a factura da luz*
- *Estas axudas autonómicas completarán o bono social estatal ao cubrir o 50% do recibo e garantirán un acceso continuado a esta necesidade básica*
- *Tras a publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG), os interesados poderán presentar as súas solicitudes ata o 15 de decembro, tanto de maneira presencial como telemática*

Galicia será a primeira Comunidade Autónoma en ofrecer axudas complementarias ao bono social do Estado para evitar os cortes de subministración eléctrica nos fogares galegos cunha nova orde de axudas que se adapta á actual regulación española.

A Xunta convocará, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, esta nova liña de apoios á que dedicará 1,2M€, aínda que o orzamento se ampliará en caso de ser necesario. As novas axudas diríxense a consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social. En concreto, os destinatarios son persoas residentes en Galicia e titulares dun contrato de subministración eléctrica que teñan contratada a tarifa de último recurso e sexan consumidores vulnerables severos (por tanto, beneficiarios do bono social estatal cun 40% de desconto) e estean en risco de exclusión social, termo que deberá ser acreditado mediante certificado ou informe social expedido polos servizos sociais.

Os apoios, que se outorgarán por concorrencia non competitiva a todos cantos cumpran os requisitos, serán dun 50% da factura eléctrica correspondente á vivenda habitual do solicitante e terán unha contía máxima anual de 250 ou 400 euros -no caso de familias numerosas-. Esta cantidade, unida ao acordo entre o Estado e as comercializadoras, garantizará o acceso continuado á subministración eléctrica nos fogares máis vulnerables, dando resposta a unha necesidade básica dos cidadáns, pois non se lles poderá cortar o servizo mentres sexan beneficiarios desta axuda.

A orde está validada tanto polo Ministerio como pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) e dá resposta tanto ao Real decreto que regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica como á lei galega de medidas de eficiencia enerxética e garantía e accesibilidade á enerxía eléctrica.



Para facilitar o acceso a estas axudas, as persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes tanto de xeito presencial como telemático. Por iso, ademais de habilitarse oficinas nas catro xefaturas territoriais, en Santiago de Compostela e en Vigo, poderanse presentar no rexistro do concello no que o solicitante teña o seu domicilio.

Como mostra do compromiso coa axilidade deste procedemento, establécese un prazo máximo dun mes desde a presentación da solicitude ata a súa resolución, polo que, unha vez que se comprabe que se cumpren os requisitos, realizarase o pagamento por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria directamente aos comercializadores de referencia cos que se teña asinado un protocolo de colaboración. Este pago realizarase de xeito mensual, segundo se vaian remitindo as facturas.

O prazo de presentación estará aberto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), previsto no mes de xullo e ata o vindeiro 15 de decembro.

Con esta nova liña de axudas, adaptada á actual normativa estatal, a Xunta segue fiel ao seu compromiso coas familias máis desfavorecidas que non contan coa posibilidade de facer fronte ás súas facturas eléctricas. Asegúrase, así, o acceso a unha necesidade tan básica como é a enerxía eléctrica, garantindo que non se produzan cortes no servizo, xa que a normativa estatal establece que os puntos de subministración deste tipo de beneficiarios serán considerados esenciais e, polo tanto, non se lles poderá cortar sempre e cando exista o oportuno convenio entre a Administración autonómica e as comercializadoras. O Goberno galego amosa, ademais, a súa vontade de cooperación interadministrativa ao ser a primeira comunidade en poñer en marcha este tipo de medidas complementarias.

## **MEDIO RURAL MODIFICA AS BASES DAS AXUDAS PARA A CREACIÓN DE SOFOR CO OBXECTIVO DE FOMENTAR A XESTIÓN CONXUNTA DOS MONTES**

- *A convocatoria deste ano terá un orzamento de 850.000 euros que chegará para crear ata 14 novas sociedades forestais*
- *A nova baremación dará máis puntos canto maior número de socios teña a entidade e tamén se terá en conta a superficie media das parcelas, a proporción de superficie concentrada e se son Zonas de Alto Risco de incendios*
- *Bianualizouse o prazo de execución para dar máis tempo a contactar cos propietarios e que estes asinen a cesión dos terreos*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe as novas bases reguladoras das subvencións destinadas a constituír Sociedades de Fomento Forestal (Sofor) que serán convocadas en breve pola Consellería do Medio Rural. A orde de axudas modificou as súas condicións co obxectivo de facela máis atractiva e fomentar así a xestión conxunta dos montes galegos a través destes instrumentos.

Estas subvencións destinadas a constituír novas Sofor e apoiar o inicio da actividade daquelas xa inscritas, terán este ano un orzamento de 850.000 euros que, en caso de esgotarse, permitirá a creación de ata 14 novas sociedades forestais.

Os obxectivos destas axudas pasan por fomentar sistemas de xestión conxunta dos aproveitamentos forestais, incluídos os aproveitamentos e a comercialización das producións. Deste xeito, preténdese conseguir unha rendibilidade das propiedades forestais e posibilitar unha adecuada xestión sustentable dos montes de propiedade privada nos que se apliquen instrumentos de xestión forestal. Deste xeito, contribúese a reducir o nivel de abandono do monte galego e, por extensión, o risco de incendios forestais.

Tras varios anos en marcha, decidiuse emprender unha serie de modificacións nas bases para así gañar en eficacia e facilitar a tramitación. Entre os cambios máis destacados está o baremo de puntuación. Agora o maior número de puntos conseguirase a través do número de socios que pretenden constituír a Sofor. Tamén se terá en conta a superficie media das parcelas (canto máis pequenas, máis puntos) a proporción de superficie concentrada (canto máis proporción máis puntos) e dáse prioridade ás Zonas de Alto Risco de incendios ou áreas pouco poboadas que irán recollidas na propia orde.

Respecto aos custos subvencionables, manterase o de constitución das Sofor (inclúe gastos notariais, etc) e o de identificación de parcelas dividirase en dous: o coste de localización dos terreos e o coste de impulso. Isto é así porque poden crearse Sofor

sobre zonas de concentración onde xa se coñece a localización das parcelas, pero é necesario todo un labor de contacto cos propietarios que as veces ten un importante custo. Desaparecen, en cambio, os gastos de arranque, que na práctica nunca se chegou a financiar.

Mellorouse tamén o prazo de execución, que pasou a ser bianualizado para dar máis tempo a contactar cos propietarios e que estes asinen a cesión e constitución da Sofor. En concreto, terán ata o 1 de outubro de 2019 para xustificar as actuacións. Ademais, corríxíronse problemas que se detectaron nas bases reguladoras anteriores e adaptáronse á lexislación vixente.

### **Once Sofor**

Actualmente en Galicia existen once Sofor inscritas de xeito definitivo ou previo: Outeiro-Parada e Parada en Silleda; Somos Cuns, en Serra de Outes-Negreira; Requián, na Estrada; Santa Juliana, na Fonsagrada; O Irixo; Lebozán, en Lalín; Cirio, no concello de Pol; Monte de Candedo, en Meira; e Vilar de Frades e Oselle en Becerreá.

É notable o crecente número de iniciativas que mostraron o seu interese por este tipo de sociedades, e precisamente a eles diríxese esta nova orde de subvencións. Temos detectado interese en lugares como Carnota, Dumbría, Laxe, Vedra, Cervantes, O Saviñao, A Veiga, O Irixo, A Estrada e Bueu.

A agrupación de propietarios baixo a figura da Sofor ten moitas vantaxes, tanto a nivel tributario como económicas e produtivas. Así, unha vez constituídas, xa teñen exención de impostos de compravenda e permuta, e por primeira vez teñen ademais unha dedución no imposto ao Patrimonio. A nivel económico e produtivo, estas sociedades permiten mellorar de forma significativa a viabilidade dos aproveitamentos forestais, en parte á optimización dos custos de produción e mantemento tales como plantacións, rozas, etc., e, por outra banda, contraendo unha posición máis forte á hora de negociar certas operacións como pode ser o prezo pola madeira.